



## Datos do Expediente:

|                           |            |  |
|---------------------------|------------|--|
| EXPEDIENTE XENERICO       |            |  |
| Unidade Tramitadora:      |            |  |
| Promoción e Emprego – MAM |            |  |
| Número expediente:        | Documento: |  |
| EMP/1534/2020             | EMP14I0CU  |  |
| 3F4X0I2V384E1F2K0P36      |            |  |
|                           |            |  |

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

En data 30/10/2020 a Xefa do Servizo Sociocomunitario ditou o seguinte Informe-Proposta que literalmente transcrito di así:

**“ASUNTO:** *Aprobación das bases e convocatoria de concesión de axudas de concellos adheridos ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da PROVINCIA (PEL-REACTIVA)*

### ANTECEDENTES:

*O Concello de Narón no ámbito das súas actuacións e ante a situación excepcional pola que se está a pasar, tanto sanitaria como economicamente, provocada polo COVID-19, ten a obriga de protexer o interese xeral da cidadanía de Narón, e en especial ao sector empresarial.*

*Para que a actividade económica no termo municipal de Narón sufra o menos posible o impacto desta crise económica, o Concello entende que tanto as persoas autónomas como microempresas precisan mais que nunca a axuda da Administración.*

*Por resolución da deputación Provincial da Coruña publicada no BOP o 28 de outubro de 2020 se aproba a concesión definitiva dunha subvención ao Concello de Narón por importe de 457.292,78 €, para a concesión de axudas por parte do Concello de Narón para impulsar a actividade económica e o emprego no termo municipal de Narón, e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID-19 nas microempresas e autónomos.*

*Segundo se establece na resolución de concesión, o Concello dispón dun prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da concesión da resolución, para publicar a súa convocatoria específica das axudas para os beneficiarios no BOP e comunicar á BDNS a información sobre a mesma.*

*Así mesmo as bases e a convocatoria será publicada no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello*

*A Secretaría Xeral emite informe xurídico favorable sobre as Bases da convocatoria con data 30/10/2020 (PER14I2DV)*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local.*
- *R.D.L. 2/2014, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*

- Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento en vigor.
- Resolución nº 2020/24109, de data 7 de agosto de 2020, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP de 12 de agosto de 2020.
- Informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral (PER14I2DV)

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, propón á Alcaldía que, en uso das facultades que lle confire a Normativa Legal vixente, **RESOLVA:**

1º.- **Aprobar as bases e a convocatoria** de axudas de concellos adheridos ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da PROVINCIA (PEL-REACTIVA), que se axuntan como ANEXO a este Informe.

2º.- **Aprobar o gasto de 457.292,78 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.47900 do vixente exercicio, código de proxecto 2020.3.00000.52

3º.- A ordenación e instrución do procedemento corresponderá ao Servizo Sociocomunitario Municipal, e o órgano competente para resolver o procedemento será a Alcaldía.

4º.- Constituirase unha Comisión de Valoración que á vista da proposta presentada polo órgano instrutor emitirá un ditame de conformidade ou desconformidade.

A Comisión de Valoración estará constituída por:

- Presidente/a: a/o Concelleira/o delegada/o de Formación e Emprego
- Vocal: Xefa/e do Servizo Sociocomunitario
- Vocal: Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Servizo Sociocomunitario
- Secretario/a: o/a Secretario/a do Concello ou persoa en quen delegue.

5º.- Estas bases e a súa convocatoria serán publicadas no BOP, previa comunicación á BDNS, así como no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello.”

Visto dito Informe-proposta fiscalizado de conformidade pola Intervención municipal en data 30/10/2020 (ICO14I0EM), deixando constancia das observacións que constan no mesmo, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a normativa vixente, **RESOLVE:**

- Aprobar dito Informe-Proposta anteriormente transcrito nos seis propios termos.

**Ante min.**  
**(Dou fe da identidade do asinante)**

## BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DAS AXUDAS DE CONCELLOS ADHERIDOS AO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA

### BASE 1ª. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto destas bases é regular as axudas a conceder polos concellos adheridos ao Fondo de Financiamento promovido pola Deputación da Coruña, aprobadas coa finalidade de impulsar a actividade económica e o emprego nos seus termos municipais e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID-19, nas microempresas e autónomos/as.

A finalidade destas axudas é facilitar medios ás microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas dos municipios adheridos ao Fondo de Financiamento, para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola COVID-19, e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico.

### BASE 2ª. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Poderán acollerse a estas axudas, as persoas físicas ou xurídicas que reúnan a condición de persoa beneficiaria segundo o disposto na Base 4ª.

### BASE 3ª. CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender as solicitudes das axudas será de 457.292,78 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.47900, código de proxecto 2020.3.00000.52, sendo esta financiación 100% da Deputación da Coruña.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento destas axudas.

### BASE 4ª. PERSOAS BENEFICIARIAS

#### 4.1. Beneficiarios/as

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

- **Grupo I:** Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.
- **Grupo II:** Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

- **Grupo III:** Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Empleo), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros.

## 4.2. Requisitos das persoas beneficiarias

Con carácter xeral, os beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal no municipio de Narón.
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa TXSS.
- Non ter débeda ningunha co concello.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC.AA. de Galicia e coa Deputación da Coruña.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 14.

### A) Requisitos específicos das persoas físicas

Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

### B) Requisitos específicos das persoas xurídicas

A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser anterior á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

### C) Exclusiones

Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios, en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institucións relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta.

## 4.3. Documentación que se ha presentar

- NIF/NIE ou CIF segundo corresponda.

- Designación de conta bancaria segundo o modelo normalizado do Concello (T-TES-01).

- Anexo - Solicitude da axuda

- Anexo - Declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas.

- Beneficiarios/as do Grupo I:

- Certificado actualizado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria.
- Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o seu número de traballadores/as

- Beneficiarios/as do Grupo II:

- Ademais da documentación indicada para o Grupo I, acreditación da redución de ingresos dende os seis meses previos á declaración do estado de alarma e ata a data de presentación da solicitude da axuda, mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.

- Beneficiarios/as do Grupo III:

- Ademais da documentación indicada para o Grupo I, documento acreditativo da situación de ERTE.

O concello poderá realizar todas aquelas comprobacións que estime oportunas no tocante ao cumprimento dos requisitos e das obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas.

No anexo IX Declaración Responsable de cumprimento de requisitos e obrigas, enumérase a documentación que o concello poderá, no seu caso, requirirlle aos beneficiarios/as.

## **BASE 5ª. DESTINO DAS AXUDAS**

As axudas teñen un carácter finalista e van destinadas a facilitar medios para facer fronte ás consecuencias da crise provocada pola COVID-19, e a paliar o seu impacto económico e social sobre as microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas do municipio de Narón, que cumpran os requisitos establecidos na base 4 para ser beneficiarios/as, e cos importes determinados conforme ao establecido na base 8.

## **BASE 6ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN**

O procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, será o de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os efectos destas axudas, concorrencia competitiva implica que o procedemento de concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases, e adxudicar a

axuda a aquelas que obtiveran unha maior valoración co límite orzamentario fixado para cada concello.

A valoración das solicitudes realizarase por grupos de beneficiarios/as dos establecidos na Base 4.1, ordenando por orde de maior a menor puntuación as solicitudes de cada grupo.

Terán prioridade para a concesión, os/as solicitantes pertencentes ao grupo I de beneficiarios/as que obtiveran maior puntuación.

Se atendendo ao límite orzamentario fixado para cada concello hai crédito dispoñible, este destinarase a cubrir as solicitudes con maior valoración do Grupo II e por último as do Grupo III con maior valoración, ata esgotar o crédito dispoñible.

## 6.1 Criterios de valoración

As solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, puntuaranse de acordo cos seguintes criterios de valoración:

| CRITERIOS DE VALORACIÓN |                                                                                                                                                         | ASPECTOS QUE SE HAN VALORAR                                             | PUNTUACIÓN MÁXIMA (35 puntos) |
|-------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|
| 1                       | <b>Tipo de empresa</b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i><br><b>(Máximo 10 puntos)</b>                                     | Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados | 10                            |
|                         |                                                                                                                                                         | Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados | 8                             |
|                         |                                                                                                                                                         | Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a     | 6                             |
|                         |                                                                                                                                                         | Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados                    | 5                             |
| 2                       | <b>Forma xurídica da empresa</b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i><br><b>(Máximo 8 puntos)</b>                            | Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais        | 8                             |
|                         |                                                                                                                                                         | Outras con personalidade xurídica                                       | 6                             |
| 3                       | <b>Nº mulleres contratadas <sup>(1)</sup></b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i><br><b>(Máximo 5 puntos)</b>               | Entre 6 e 9                                                             | 5                             |
|                         |                                                                                                                                                         | Ata 5                                                                   | 3                             |
| 4                       | <b>Nº persoas discapacitadas contratadas <sup>(2)</sup></b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i><br><b>(Máximo 5 puntos)</b> | Entre 6 e 9                                                             | 5                             |
|                         |                                                                                                                                                         | Ata 5                                                                   | 3                             |

|   |                                                                                                                                                        |                                                                                                     |          |
|---|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| 5 | <b>Nº menores de 30 anos contratados/as</b> <sup>(3)</sup><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i><br><b>(Máximo 5 puntos)</b> | Entre 6 e 9                                                                                         | <b>5</b> |
|   |                                                                                                                                                        | Ata 5                                                                                               | <b>3</b> |
| 6 | <b>Emprego da lingua galega</b><br><b>(Máximo 2 puntos)</b>                                                                                            | Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda | <b>2</b> |

(1) Deberá computarse o número de traballadores/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación a xornada completa.

(2) Deberá computarse o número de traballadores/as discapacitados/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.

(3) Deberá computarse o número de traballadores/as menores de 30 anos contratados a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.

En caso de empate, priorizaranse como criterios de desempate, os seguintes:

- 1º. Nº mulleres contratadas.
- 2º. Nº persoas discapacitadas contratadas.
- 3º. Nº menores de 30 anos contratados
- 4º. Empresas de economía social.
- 5º. Data e hora de presentación completa da solicitude.

## BASE 7ª.-CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLE

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aquelas actividades que estean dentro dos seguintes conceptos de gasto:

| CONTA      | DESCRIPCIÓN DA CONTA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>601</b> | <b>Compra de material</b><br>Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>621</b> | <b>Arrendamentos e canons</b><br>Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo<br>*O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou participe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking. |

|            |                                                                                                                                                 |
|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|            | *O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.                                                                                             |
| <b>622</b> | <b>Reparación e conservación</b><br>Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc). Gasto directo |
| <b>625</b> | <b>Primas seguros</b><br>Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo                                                |
| <b>628</b> | <b>Subministracións</b><br>Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo                                                                |

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable

## BASE 8ª. CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE

O importe da subvención será fixo, e determinarase conforme aos seguintes criterios:

a) Traballadores/as por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: 1.500 euros

b) Traballadores/as por conta propia ou autónomos con traballadores/as ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se visen na obriga de acollerse a un ERTE, atendendo ao seguinte:

- Un só traballador/a: 2.000,00 euros
- Entre 2 e 5 traballadores/as: 2.500,00 euros
- Entre 6 e 9 traballadores/as: 3.000,00 euros

O período subvencionable abarcará dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 €. O importe de axuda a conceder será minorada na cantidade que exceda deste límite.

## BASE 9ª. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da convocatoria e finalizará ás 14:00 horas do día 25 de novembro de 2020.

As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención das axudas, estarán dispoñible nas web municipal do concello.

As solicitudes, que se presentarán por vía telemática a través da Sede Electrónica do concello, accesible a través do enlace <https://sedeelectronica.naron.es>, utilizando o

formulario normalizado de solicitude dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión da solicitude.

## **BASE 10ª. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN**

As solicitudes de cada grupo que cumpran cos requisitos, atendendo ao establecido na Base 6.ª, ata esgotar o crédito inicial dispoñible para este concello, serán propostas por orde de puntuación para seren resoltas favorablemente.

O concello poderá requirir os solicitantes para que acheguen tanta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados na solicitude, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

## **BASE 11ª. RESOLUCIÓN**

Pola Alcaldía ditarase resolución de concesión definitiva, que deberá notificárselle aos interesados/as segundo o establecido o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e publicarse na páxina web do concello.

As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención, e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

No seu caso, incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas, non fosen estimadas por pasarse a contía máxima do financiamento dispoñible fixado na convocatoria.

O acordo de concesión ou denegación da subvención solicitada porá fin á vía administrativa, sendo aplicable o réxime de recursos establecidos na Lei 39/15, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

## **BASE 12ª. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

Os beneficiarios da subvención deberán presentar a documentación xustificativa referida expresamente aos conceptos de gasto que lle foron subvencionados, como data máxima, o 31 de marzo de 2021.

## **BASE 13ª. PAGO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables determinados na base 7ª, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

## **BASE 14ª. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS**

Os/as beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes compromisos e deberes:

1. Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases.
2. Os/as beneficiarios/as están obrigados a permanecer en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, a manter a mesma forma xurídica polo menos 3 meses dende a finalización do período subvencionable.
3. Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a). No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que teña solicitado outra subvención na presente convocatoria.
4. Cumprir coa normativa de minimis e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.
5. Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acreditar que a suma de todas elas non supera o límite de 40.000 €.
6. Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.
7. Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
9. Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
10. Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente nun lugar visible do centro de traballo, logotipo do Concello, da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

11. Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.
12. Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.
13. Someterse ao control financeiro, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.

## BASE 15ª. REVOGACIÓN E REINTEGRO

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu desfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador, conforme ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puidesen derivarse.

## BASE 16ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Será de aplicación a estas bases a normativa seguinte:

- Ordenanza xeral municipal de subvencións do concello de Narón (BOP nº2-03/01/2018).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) (1).
- Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) (1).
- Regulamento (UE) n.º 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (DOUE L 51, do 22 de

febreiro de 2019) (1).

- Regulamento (UE) n.º 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) (1).

(1) Deberá terse en conta as Comunicacions da Comisión Europea sobre Marco Temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote da COVID-19: C/2020/1863, publicada no DOUE C 91I do 20/03/2020, e modificacións do 03/04/2020, publicada no DOUE C 112I do 04/04/2020, e do 12/05/2020, publicada no DOUE C 164 do 13/05/2020.

A xestión destas axudas suxeitarase aos principios de publicidade, concorrência, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

## BASE 17ª. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo concello de Narón coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Narón ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o concello porá ao seu dispor un modelo de solicitude en: <https://sedelectronica.naron.es>.

Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

## BASE 18ª. CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro das subvencións outorgadas, levarase a cabo polo control interno municipal de acordo coa normativa do concello. Para tal fin, o concello poderá solicitar a colaboración do control financeiro da Intervención provincial.

## ANEXO - SOLICITUDE DA AXUDA MUNICIPAL DATOS DO/A SOLICITANTE



## CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o número de resolución  
Non utilizar

|                                     |                                                                                    |            |
|-------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| RAZÓN SOCIAL                        | NIF/NIE/CIF                                                                        |            |
| ENDEREZO                            | C.P.                                                                               |            |
| LOCALIDADE                          | PROVINCIA                                                                          |            |
| LOCALIDADE DO CENTRO DE TRABAJO     |                                                                                    |            |
| TELÉFONO/S                          | CORREO ELECTRÓNICO                                                                 | PÁXINA WEB |
| TIPO DE EMPRESA                     | <input type="checkbox"/> PERSOA FÍSICA<br><input type="checkbox"/> PERSOA XURÍDICA |            |
| DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA |                                                                                    |            |

### DATOS DE REPRESENTACIÓN: (no caso de non coincidir co/a solicitante)

|                 |                                                                            |
|-----------------|----------------------------------------------------------------------------|
| APELIDOS E NOME | DNI/NIE                                                                    |
| EN CALIDADE DE  | <input type="checkbox"/> TITULAR<br><input type="checkbox"/> REPRESENTANTE |

Autoriza ao concello de Narón a consultar a certificación de estar ao corrente das súas obrigas:

☐ SI / ☐ NON coa Seguridade Social  
☐ SI / ☐ NON coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia  
☐ SI / ☐ NON coa Axencia Estatal da Administración Tributaria

### SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria de axudas do Concello de Narón, no marco do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

**ANEXO - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E OBRIGAS**

D./Dña. \_\_\_\_\_, provisto/a de NIF/NIE nº. \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_ con CIF nº. \_\_\_\_\_, solicitante das axudas do Concello de Narón convocadas ao abeiro do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña,

**DECLARA:**

- Que reúne os requisitos para ser beneficiario/a das axudas do Concello de \_\_\_\_\_, no marco do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.
- Que pertence a algún dos grupos de beneficiarios/as indicados a continuación (marque o que proceda):

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|
| <b>Grupo I:</b> Afectado/a polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.<br><br>A empresa deberá ter a disposición do Concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición                                                                                                                                                                  | <input type="checkbox"/> |
| <b>Grupo II:</b> Non afectado/a polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vise reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.<br><br>A empresa deberá ter a disposición do concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición | <input type="checkbox"/> |
| <b>Grupo III:</b> Obrigado/a a acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.<br><br>A empresa deberá ter a disposición do concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <input type="checkbox"/> |

- Que na súa empresa se cumpren as seguintes condicións (marque o que proceda):

|                                                                                                                             |                                                                                                     |                          |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|
| <b>Tipo de empresa</b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>                                      | Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados                             | <input type="checkbox"/> |
|                                                                                                                             | Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados                             | <input type="checkbox"/> |
|                                                                                                                             | Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a                                 | <input type="checkbox"/> |
|                                                                                                                             | Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados                                                | <input type="checkbox"/> |
| <b>Forma xurídica da empresa</b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>                            | Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais                                    | <input type="checkbox"/> |
|                                                                                                                             | Outras con personalidade xurídica                                                                   | <input type="checkbox"/> |
| <b>Nº mulleres contratadas <sup>(1)</sup></b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>               | Entre 6 e 9                                                                                         | <input type="checkbox"/> |
|                                                                                                                             | Ata 5                                                                                               | <input type="checkbox"/> |
| <b>Nº persoas discapacitadas contratadas <sup>(1)</sup></b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i> | Entre 6 e 9                                                                                         | <input type="checkbox"/> |
|                                                                                                                             | Ata 5                                                                                               | <input type="checkbox"/> |
| <b>Nº menores de 30 anos contratados/as <sup>(1)</sup></b><br><i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>  | Entre 6 e 9                                                                                         | <input type="checkbox"/> |
|                                                                                                                             | Ata 5                                                                                               | <input type="checkbox"/> |
| <b>Emprego da lingua galega</b>                                                                                             | Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda | <input type="checkbox"/> |

(1)As persoas contratadas deben computarse a tempo completo. No caso de contratos a tempo parcial, computarán na porcentaxe equivalente con relación a un contrato a tempo completo.

## DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE PODE SER REQUIRIDA

O/a solicitante está obrigado a ter a disposición do concello a seguinte documentación para o caso de ser requirida:

### A. En caso de persoa física:

a) DNI ou NIE, só no caso de non ser a mesma persoa que fai a presentación telemática.

b) Certificado de vida laboral do/a autónomo/a no que conste a data de alta no RETA (no caso de que o/a solicitante sexa persoa física) actualizado

c) Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado

d) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.

d) Informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as a data do 1 de marzo de 2020

e) Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade ou da concesión do ERTE no caso de que proceda.

f) Contrato/s de traballo no caso de que teña asalariados ao seu cargo.

g) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso

h) Declaración responsable sinalando se ten solicitada doutro organismo algunha subvención ou axuda para a mesma finalidade, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución.

**B. En caso de microempresas:**

a) NIF da persoa xurídica, só no caso de non utilizar certificado de representante.

b) Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variación posteriores (de as haber), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados (no caso de que o/a solicitante sexa persoa xurídica)

c) Contrato de constitución da sociedade civil

e) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude no caso de non ser a mesma persoa.

f) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado.

g) DNI ou NIE da persoa administradora, no caso de non ser a mesma que fai a presentación telemática.

h) Documento acreditativo de concesión do ERTE, se procede.

i) Contrato/s de traballo dos/as asalariados/as ao seu cargo

j) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AET) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso

k) TC1 e TC2

l) Declaracións tributarias relativas a 2020 e o 2º semestre de 2019

ll) Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade.

m) Documentación contable da actividade económica desenvolvida.

n) Declaración responsable sinalando se ten solicitada doutro organismo algunha subvención ou axuda para a mesma finalidade, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución.

-----

**NA FASE DE XUSTICACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS PODERÁ REQUIRISE:**

1.-Declaración responsable sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.

2.- Exemplar que demostre a publicidade da axuda concedida.

- Que se compromete a cumprir coas obrigas dos/as beneficiarios/as da subvención, singularmente relacionadas na **Base 14 “Obrigas das persoas beneficiarias das axudas”** das reguladoras da axuda solicitada.



- Lin o significado legal de “declaración responsable”, conforme o expresamente disposto no artigo 69.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas (publicada no BOE núm. 236, do 02/10/2015):

“Para os efectos desta lei, entenderase por declaración responsable o documento subscrito por persoa interesada na que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da administración cando se lle requira, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a este recoñecemento ou exercicio.

Os requisitos aos que se refire o parágrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable. As administracións poderán requirir en calquera momento que se achegue a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o/a interesado/a deberá achegala.”

Asinado dixitalmente, ..... , ..... de ..... de 2020